

EXTRACTO DOS ACORDOS DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 28 DE ABRIL DE 2015.

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

1.1.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA A ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS**, consistente na celebración dunha festa popular, os días 1, 2 e 3 de maio de 2015, no campo da festa de Goiás, Lalín.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **RECOÑECER A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS**, para a colocación dun cartel na rúa C, 19, baixo, Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 13 de abril de 2015 por importe de **4,80 euros** en concepto de ICIO.



3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE.

3.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE**, respecto da actividade de zapatería na Avda. Luis González Taboada, 12 baixo, Lalín.

4.- INFORME URBANÍSTICO.

4.1.- Acordouse **aprobar o informe emitido para o efecto polo arquitecto técnico municipal, de data 20 de abril de 2015**, en relación á solicitude de certificación urbanística relativa á inexistencia de expediente de infracción urbanística, nos últimos nove anos, respecto dunha edificación de vivenda unifamiliar con referencia catastral 1927622NH7212N0001IO, sita na estrada de Carballiño, nº 8, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 21 de abril de 2015, por importe de **100 euros**, en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística.

5.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

5.1.- Acordouse aprobar a **certificación de obra núm. 4** da obra **“REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN”** presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L**, redactada polo Director de Execución D. J. Abel Mato Méijome e o Arquitecto Director das Obras D. Luís Fernández Fernández, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **39.512,08 €**.

6.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

6.1.- Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 19/2011 por ter recoñecida a súa discapacidade con carácter definitivo.

6.2.- Acordouse aprobar as **BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS PARA O ANO 2015**.

6.3.- Acordouse contratar coa empresa Construcciones Hnos. Millares Blanco, S.L. as obras descritas e valoradas na **“MEMORIA DE INSTALACIÓN DE FALSO TEITO NA ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL LALÍN 2000”**, por



Secretaría Xeral

importe de **7.536,64 €** (IVE incluído) con suxeición ó réxime dos contratos menores de obra.

6.4.- Acordouse contratar coa empresa Fontanería, Calefacción y Gas Deza, S.L. as obras descritas e valoradas na **“MEMORIA PARA REPARACIÓN VARIAS NA CUBERTA DA ESCOLA INFANTIL PONTIÑAS DE LALÍN”**, por importe de **6.427,55 €** (IVE incluído) con suxeición ao réxime dos contratos menores de obra.

6.5.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento **“MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO EDIFICIO DA ANTIGA BIBLIOTECA MUNICIPAL”** por importe de **32.999,99 €**, relativa á subvención concedida ao abeiro do Plan urxente de Mantemento de Servizos e Infraestruturas Municipais 2014 (PUSIM/14/00726/201400326), cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida.

6.6.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento **“MELLORA DA REDE VIARIA NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA: VILATUXE E LOSÓN”**, por importe de **50.000,00 €**, relativa á subvención concedida ao abeiro do Plan urxente de Mantemento de Servizos e Infraestruturas Municipais 2014 (PUSIM/14/00726/201400234), cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida.

6.7.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento **“MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA EN VILATUXE, SANTISO, DOADE, ABELEDA E FILGUEIROA”**, por importe de **21.180,20 €**, relativa á subvención concedida ao abeiro do Plan urxente de Mantemento de Servizos e Infraestruturas Municipais 2014 (PUSIM/14/00726/201400224), cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida.

6.8.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento **“AGLOMERADO EN RÚA F, PINTOR LAXEIRO E RÚA MOLINERA”**, por importe de **174.386,83 €**, relativa á subvención concedida ao abeiro do Plan urxente de Mantemento de Servizos e Infraestruturas Municipais 2014 (PUSIM/14/00726/201400213), cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida.

6.9.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento **“ABASTECIMENTO A PUXALLOS E MELLORA DA REDE VIARIA EN MADRIÑÁN E SANTISO”**, por importe de **125.114,00 €**, relativa á subvención concedida ao abeiro do Plan urxente de Mantemento de Servizos e Infraestruturas Municipais 2014



Secretaría Xeral
(PUSIM/14/00726/201400225), cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida.

6.10.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento “**PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN SANTISO, ERBO, LEBOZÁN E OUTROS**”, por importe de **452.519,20 €**, relativa á subvención concedida ao abeiro do Plan urxente de Mantemento de Servizos e Infraestruturas Municipais 2014 (PUSIM/2014/00726/201400140), cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida.

6.11.- Acordouse aprobar o informe técnico de avaliación polo que establece a bonificación da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.

6.12.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de **99,97 €** a aboar a Gas Natural S.U.R.; e aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de **150,81 €** a aboar a Alimentación Nela, S.L.

6.13.- Acordouse a inclusión de dúas **ALTAS HORARIAS no SAF** no apartado de persoas en situación de dependencia.

6.14.- Acordouse solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia a cesión en propiedade a este Concello de Lalín da parcela nº 403, do Polígono 2 do término municipal de Lalín, do expediente de Concentración Parcelaria de Vilatuxe, para que continúe instalada na mesma e dando servizo aos veciños da parroquia de Vilatuxe a actual Estación Depuradora de Augas Residuais

6.15.- Acordouse aprobar o documento de cesión temporal da exposición *Los franciscanos y el Buen Yantar en la tierra del Apóstol* propiedade da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo que de forma gratuíta cede ao Concello de Lalín para que sexa exposto no Pazo de Liñares.

6.16.- Acordouse prorrogar os contratos das titoras de inserción laboral, contratadas para o desenvolvemento das accións do programa integrado para o emprego “Emprende Lalín”, ata o 31 de maio de 2015, data final de realización das accións do programa; e autorizar o gasto, con cargo ao orzamento municipal, por importe de **6.206,14 euros**, en concepto de custos salariais e indemnizacións por fin de contrato.



7.- FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **64.701,15** €.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

8.1.- Acordouse **aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Comunidade de Montes Veciñais en Mancomún da parroquia de Zobra para a Homologación, Sinalización, Limpeza e Conservación da ruta de sendeirismo “Sendeiro de Zobra”,** asumindo as obrigas e compromisos que nel constan, e facultar ó Sr. Concelleiro de Turismo e Novas Tecnoloxías D. José Antonio Rodríguez Fernández, para a súa sinatura.

8.2.- A Xunta de Goberno Local quedou enterada da resolución presidencial remitida pola **Deputación Provincial de Pontevedra-Servizo de Cooperación, de data 22 de abril de 2015,** no que comunican que conforme o previsto na base décimo sexta do Plan de Investimentos e Gastos Correntes da Deputación de Pontevedra-2012 (PID/12) resolve entregarlle o investimento núm. PID/12/00726/2012000657, denominado “*Abastecemento de augas en Castro de Arriba, Senin, Puxallos e Castelo*”.

8.3.- Acordouse conceder autorización municipal á **Cofradía de Santiago Apostol** para a pernoctación no Pavillón Municipal os días 9, 10 e 11 de xullo de 2015.

8.4.- Acordouse conceder autorización municipal ao **Párroco da Parroquia da Sagrada Familia de Ávila,** para a pernoctación no Pavillón Municipal o día 1 de xullo de 2015.

=====

